



DATOS IDENTIFICATIVOS

Técnicas Fotográficas

Materia	Técnicas Fotográficas			
Código	P01G010V01204			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1º	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Couto Palmeiro, Alfonso			
Profesorado	Couto Palmeiro, Alfonso Pinal Gonzalez, Andres			
Correo-e				
Web				

Descrición xeral Os alumnos matriculados nesta materia usaron a cámara fotográfica en diferentes contextos, mais moitos no teñen cursado ningunha materia que abordase a fotografía, tanto no que se refire á práctica como a unha mínima reflexión sobre o medio. Por este motivo, nesta materia partírase de cero. A materia será enfocada desde un punto de vista eminentemente práctico, aínda que se provocará a reflexión sobre o medio fotográfico, presentándoo como un medio de expresión, polo que se fará fincapé e se resaltarán o carácter subxectivo do acto fotográfico destruindo, polo tanto, a idea de reprodución obxectiva que frecuentemente se lle atribúe e que o reduce dunha maneira simplista á reprodución mecánica da realidade.

Competencias de titulación

Código	
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
A48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
B1	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B2	Capacidade de xestión da información.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecementos básicos dos dispositivos e procedementos fotográficos.	A9 A12 A14	
Coñecemento do vocabulario e do código fotográficos.	A6 A7	
Capacidade para o manexo básico de cámaras e outros dispositivos fotográficos.	A12 A14	
Capacidade para xerar e xestionar de xeito básico unha imaxe fotográfica.	A31 A32	
Capacidade de entender o valor creativo da fotografía.	A2 A6 A14	
Capacidade de entender o valor interdisciplinar da fotografía.	A5 A6 A7 A39	
Capacidade para entender o valor documental, de análise e de xeración de imaxes da fotografía na creación artística.	A5 A6 A7 A48	B1 B2
Habilidade para xerar e xestionar dun xeito básico imaxes fotográficas dixitais.	A31 A32 A42 A43	
Habilidade para xerar e xestionar dun xeito básico imaxes fotográficas analóxicas.	A31 A32 A42 A43	
Habilidade para xerar sistemas de produción fotográfica nun nivel básico.	A31 A32 A42 A43	
Habilidade no manexo de dispositivos e materiais básicos para a produción fotográfica.	A32 A42	
Habilidade para integrar a fotografía en procesos creativos.	A42 A43	
Habilidade para utilizar a fotografía como documento e medio de análise visual.	A36	B1 B2

Contidos

Contidos	
Tema	
EMULSIÓNS FOTOGRÁFICAS	Concepto de substancia fotosensible. Tipos de emulsións. O proceso de revelado do papel. Tipos de papeis. O fotograma como instrumento de creación.
CÁMARA FOTOGRÁFICA	A cámara fotográfica. Lonxitude focal. Obxectivos. Diafragma/profundidade de campo. Velocidade de exposición/movemento. Elección do par diafragma-velocidade. Consecuencias. Medición da luz.
REVELADO DO NEGATIVO	Películas en branco e negro. Tipos e características. Proceso de revelado do negativo en branco e negro. Factores. Dilución, axitación, temperatura, tempo. Influencia do revelado no grao, resolución, contraste, densidade, compensación, etc. Forzado.

POSITIVADO	Ampliadora. Elementos. Proceso de positivado en branco e negro. Contactos, tiras de proba e copia fotográfica
FOTOGRAFÍA DIXITAL	Capturadores de imaxe numérica. Estrutura da imaxe numérica. Arquivos de imaxe. Representación da cor. Formatos de arquivo. Dispositivos de reprodución. Realización de copias en cor. Diferentes procesos. Traballo dalgúns autores referenciais. A fotografía dixital na actualidade.
SOBRE A NATUREZA DA FOTOGRAFÍA	Verosimilitude e subxectividade. O acto fotográfico. A fotografía como signo visual. O discurso da mímese. A fotografía como transformación do real. A fotografía como pegada. O verismo fotográfico e a imaxe dixital. Foto e contexto. Foto e texto. Interpretación da imaxe fotográfica. Autores que reflexionan na súa obra sobre o verismo fotográfico
USOS DA FOTOGRAFÍA	Fotografía pública / fotografía privada. Os estudos fotográficos. Edición gráfica. Xornais e revistas ilustradas. Libros fotográficos. Libros de autor / libros de editor. Fotografía publicitaria. Fotografía científica, técnica, etc.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	0	5
Proxectos	0	90	90
Prácticas de laboratorio	45	0	45
Titoría en grupo	5	0	5
Presentacións/exposicións	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral con posible soporte de medios multimedia.
Proxectos	Realización autónoma de dous proxectos fotográficos a proposta do profesor.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesor.
Titoría en grupo	O profesor asiste a un grupo de estudantes para a resolución de problemas.
Presentacións/exposicións	O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado dos seus proxectos ante o profesor e un grupo de estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	O profesor asiste a un grupo de estudantes para a resolución de problemas. O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado dos seus proxectos ante o profesor e un grupo de estudantes. Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesor.
Presentacións/exposicións	O profesor asiste a un grupo de estudantes para a resolución de problemas. O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado dos seus proxectos ante o profesor e un grupo de estudantes. Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesor.
Prácticas de laboratorio	O profesor asiste a un grupo de estudantes para a resolución de problemas. O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado dos seus proxectos ante o profesor e un grupo de estudantes. Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesor.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Entender a fotografía como un medio de reprodución subxectiva. Coñecer basicamente o funcionamento dos medios e o laboratorio fotográfico.	5%
Proxectos	Desenvolvemento e destreza no manexo da cámara e dos procesos e conceptos abordados. Desenvolvemento de imaxes fotográficas desde a perspectiva técnica, estética e conceptual.	60%
Prácticas de laboratorio	Adquirir destreza no uso de aparatos e procesos fotográficos. Utilizar os medios adecuados para solucionar propostas concretas.	25%
Titoría en grupo	Resolver dúbidas. Formular preguntas e propostas. Potenciar o diálogo. Suxerir liñas de traballo, referencias, metodoloxía de traballo, etc.	5%
Presentacións/exposicións	Adquirir destreza para presentar en público os traballos realizados. Potenciar a capacidade de análise e de síntese. Desenvolver a capacidade de diálogo no debate dos traballos presentados.	5%

Outros comentarios sobre a Avaliación

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 15 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

FONTCUBERTA, Joan, **Fotografía conceptos y procedimientos**, Gustavo Gili, Barcelona,
 FREUND, Gisèle, **La Fotografía como Documento Social**, Gustavo Gili, Barcelona,
 SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Edhasa, Barcelona,
 AAVV, **Del pigmento a la luz**, Photovision N°22,
 AAVV, **Manual completo de Fotografía**, Celeste Ediciones, Madrid,
 CLARK, Marga, **Impresiones fotográficas. El universo actual de la representación**, Julio Ollero editor/ Instituto de Estética y Teoría de las Artes, Madrid,
 DUBOIS, Philippe, **El acto fotográfico. De la Representación a la Recepción**, Paidós Comunicación, Barcelona,
 FONTCUBERTA; Joan, **El beso de Judás. Fotografía y verdad**, Gustavo Gili, Barcelona,
 Historia de la fotografía, **ROUILLE, André / LEGMANY, Jean Claude**, Alcor, Barcelona,
 JEFFREY, Ian, **La fotografía como Documento Social**, Destino, Barcelona,
 NEWHALL, Beamont, **Historia de la fotografía**, Gustavo Gili, Barcelona,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Proxectos Fotográficos/P01G010V01907